


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

30-31 de maio do 2020

FESTA DE PENTECOSTE



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
E COA NATUREZA MALTRATADA



1.- ENCONTRO EN FAMILIA

(tod@s na casa) **Nota:** Celebramos hoxe a festa de Pentecoste. Compartimos que nos alenta o Espírito.

Seguimos tendo na mesa unha veliña, unha biblia, un recipiente con auga, e un anaco de pan.

SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante:

Hoxe aquí, na casa, estamos reunidos no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo. Amén.

Os discípulos tiñan medo, agochábanse na casa, non saían aos camiños, non se atopaban con ninguén. Sabían o que lle pasara a Xesús, sabían da cruz.

Nós tamén temos medo, levamos días quedándonos na casa, e aínda que agora xa estamos desescalando, sabemos que temos que ir con xeito, prudentes, sen presas, con moitas restricións.

Os discípulos sentiron unha forza que os levou a abrir as portas, tomaron conciencia da súa misión, superaron dificultades, naceu a Igrexa, o comunitario, o participativo, a necesidade de compartir con outros, sexan do país que sexan, teñan a cor que teñan ou falen a lingua que falen. Así é esta festa de Pentecoste.

Nós, nesta xornada somos unha casa que abre as portas á fe, e pouco a pouco imos superando as dificultades. No camiño que temos por diante necesitamos do Pentecoste, o Espírito de Cristo. Veña a nós.

♪ **Manda o teu Espírito**

Monitor/a

Xa van alá 50 días da Pascua (Pentecoste) e seguimos acendendo esta vela na nosa casa, á beira da biblia, dunha pouca de auga, e dun anaco de pan.

Xesús dános o seu Espírito. Sintámolo á nosa beira no LUME do fogar, na LUZ de Resucitado, na PALABRA que nos ensina, na AUGA que nos enche de vida, no PAN que nos dá forzas. Xa é Pentecoste, xa é nosa a responsabilidade de dar razón da Pascua.

(Acéndense a vela)

Señor Xesús,
hoxe alentas e das forza aos Apóstolos enviándolles o teu ESPÍRITO.
Sabemos da súa presenza no medio de nós, alentándonos para ser crentes responsables capaces de superar medos sendo prudentes, e coidadosos con nós, cos demais, coa natureza.

♪ **A Cristo cantamos**

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: Rematamos a primeira parte da celebración coa oración que xunta as nosas intencións ante o noso Pai Deus.

(silenzo)

Deus, Noso Pai, no misterio desta festa de Pentecoste santificas a toda a túa Igrexa no medio das nacións. Estende os dons do teu Espírito dun cabo ao outro da terra e realiza tamén hoxe dende cada fogar a milagre que o teu amor obrou nos comezos mesmos de vida da Igrexa, por Cristo, Noso Señor. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s)

Monitor/a: *Sentíndonos unidos na oración, escoitemos a narración do que lles pasou aos Apóstolos o día de Pentecoste (aos 50 días da Pascua).*

As palabras do Evanxeo de hoxe son motivo de esperanza e axuda para estes momentos que estamos a vivir. Necesitamos ser prudentes, coidadosos, e homes e mulleres dispostos a testemuñar a Paz de Cristo Resucitado. Ímolo escoitar logo no Evanxeo.

Leccionario I A páx 173 **Feit 2, 1-11**

LECTURA

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Daquela, cando se cumpriron os días de Pentecoste, os discípulos estaban todos xuntos na mesma casa. De súpeto, veu do ceo un ruído coma dun forte golpe de vento, que encheu toda a casa; e apareceron talmente coma linguas de lume, que, repartidas, foron pousando unha sobre cada un deles. Quedaron cheos do Espírito Santo e puxéronse a falar noutras linguas, conforme lles concedía o Espírito.

Había daquela en Xerusalén xudeus piadosos de todas as nacións da terra. O se producir aquel estrondo, xuntouse a xente e ficou moi desconcertada, porque cada un os sentía falar na súa propia lingua. Pasmados e admirados, dicíanlles uns a outros:

- "¡Olla! E todos estes que están aí a falar non son galileos? E logo como é que os sentimos falar cada un de nós no noso propio idioma nativo? Partos, medos, elamitas, xente da Mesopotamia, Xudea, Capadocia, Ponto, Asia, Frixia e Panfilia, do Exipto e da parte de Libia contra Cirene, forasteiros romanos tanto xudeus coma prosélitos, cretenses e árabes, sentimos falar nas nosas linguas das grandezas de Deus".

Palabra do Señor

🎵 *No colo da miña nai*

SALMO

(en pé) *Leccionario I A páx 176 Xn 20,19-23 EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Naquel día, o primeiro da semana, ao serán, estando pechadas as portas onde estaban os discípulos, por medo dos xudeus, chegou Xesús, e, poñéndose no medio, díxolles:

- Paz convosco.

Dito isto, mostroulles as mans e mailo peito. Os discípulos alegráronse, vendo o Señor. El díxolles outra vez:

- Paz convosco: coma o Pai me mandou a min, tamén eu vos mando a vós.

E dito isto alentou sobre eles, e díxolles:

- **RECIBIDE O ESPÍRITO SANTO:** a quen lles perdoedes os pecados, quedaránlles perdoados; a quen llelos reteñades, quedaránlles retidos.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

Monitor/a Nesta semana estamos convidados a afondar no grande signo da fe, que para nós hoxe é **PENTECOSTE, PASCUA E FORZA DE ESPÍRITO:**

OS SIGNOS DA PASCUA



1 Pascua de lume e calor

2 Pascua de lume e luz

3 Pascua de Palabra crible

4 Pascua de auga viva

5 Pascua de Pan

6 Pascua de Comunidade

7 Pascua que nos enche do Espírito do Resucitado

No taboleiro da PASCUA

Celebrante A PASCUA empezámola fai 50 días, confinados nas nosas casas fomos facendo delas fogar de fogares, parroquia de parroquias na Unidade Pastoral de Os Cotos. Así chegamos a PENTECOSTE, o momento no que despois de celebrar a pascua durante 50 días abrimos as portas, xa non temos medo, xa temos o ESPÍRITO de Cristo para ser verdadeiramente responsables e coidadosos.

A proposta de hoxe é volver a vista atrás como fixeron os discípulos recordando e dando a coñecer o mellor que viviran con Xesús. Nós, mirando atrás falamos do mellor que nos supuxo este tempo de confinamento na casa.

Que quitamos de proveito destes máis de 50 días de confinamento? En que nos valeu a pena como crentes, como familia, como veciños?

Cales foron e cales son os nosos medos de agora?

Monitor/a

(o monitor lee os textos que está no taboleiro que poñemos a seguir, deixando un pequeno silencio entre un e outro, e se alguén quere pode facer algún engadido)

PENTECOSTE

Espírito que vive e dá vida ao noso interior



O Espírito dános forza para ser testemuñas do evanxeo

Ensináanos a vivir como Fillos de Deus, transformáanos por dentro facéndonos semellantes a Xesús e únenos como Igrexa.



O Espírito Santo aléntanos para dar resposta ao Señor co noso bo facer de cada día, facéndonos cribes como igrexa acolledora que pregoa o evanxeo da vida.



"O Amor de Deus verteuse nos nosos corazóns por medio do Espírito Santo que nos foi dado"

(Rom 5, 5)



O Espírito-Amor guiará á comunidade para que fiel á mensaxe de Xesús leve a todas as xentes, sen diferenzas, a presenza e o amor de Deus neste mundo.



O Espírito aléntanos a colaborar construíndo unha sociedade na que todos somos necesarios e na que se conta con todos.



Envía, Pai, o teu Espírito para que nos encha dos seus dons.



"O Espírito Santo recordaravos todas as cousas que vos dixen" Xoán 14, 26

COMPARTINDO O CREDO PASCUAL

ACOLLIDA DA AUGA

Celebrante Despois de 50 días de Pascua, aquí na casa ante esta auga de vida que nos une en familia e comunidade, agradecemoslle a Deus os dons do seu ESPÍRITO cos que El nos agasalla. *(Como xesto mollamos os dedos e santiguámonos como as veces facemos ao entrar na igrexa)*

Enchoupados da AUGA VIVA, dicimos:

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

Monitor/a

* Deus creador de todas as cousas, que pola auga e o espírito, nos fixeche renacer á vida do evanxeo

* Xesús, Ti que convidaches á primeira comunidade a ser testemuña anunciando o evanxeo a todas as xentes

* Espírito Santo, que fas renacer á Igrexa polo alento da Pascua, e que nos convidas a ser auga viva

Celebrante Neste día de Pentecoste, coa forza do ESPÍRITO, renovamos os nosos compromisos na loita contra o mal, e contra os medos

Monitor/a

Renunciades a cervos superiores aos outros; isto é: a calquera clase de abuso, discriminación, orgullo, egoísmo e desprezo?

SI, RENUNCIO

- Renunciades a calar diante das inxustizas e das necesidades das persoas e das institucións, por covardía, preguiza, comodidade e vantaxes persoais?

SI, RENUNCIO

- Renunciades aos criterios e comportamentos materialistas que fan do diñeiro a aspiración máis grande da vida; que poñen o pracer por riba de todo; que procuran o negocio como un valor absoluto, mesmo por enriba das persoas, e que aprecian o ben propio como anteposto ao ben común?

SI, RENUNCIO

Celebrante Deixándonos quecer no LUME da fe, cos ollos postos na LUZ do Resucitado, cos oídos atentos á súa PALABRA, compartindo na AUGA a fe pascual, alimentados co PAN da mesa, somos membros dunha COMUNIDADE viva chea do ESPÍRITO do Resucitado

Monitor/a

Credes en Deus,
Pai e Nai de todos os homes e mulleres, que nos agarima nas súas mans coidadoras e acolledoras?

SI, CREEMOS

Credes en Xesús Cristo,
o seu fillo benquerido, sempre atento para dar unha man resucitándonos para mellorar e medrar no coidado da vida cos demais?

SI, CREEMOS

Credes no Espírito de Deus,
que nos alenta esperanza para soñar irmandade, que nos alenta forza para berrar ante os abusos, que nos alenta amor para coidar da nosa Terra?

SI, CREEMOS

Credes na Igrexa,
unha Igrexa que se fai crible en comunidade, acolledora, respectuosa e coidadora da terra e de todos os homes e mulleres que se senten inxustamente tratados?

SI, CREEMOS

(en pé) ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante Movidos polo Espírito, que clama en nós ao
Pai, dicimos: **Verte o teu Espírito**

Monitor/a

- Verte sobre o mundo o teu Espírito de vida, oremos
- Verte sobre a Igrexa o teu Espírito de santidad, oremos
- Verte sobre os poderosos o teu Espírito de caridade e servizo, oremos
- Verte sobre os pobres escravizados o teu Espírito de liberdade, oremos
- Verte sobre os enfermos o teu Espírito de consolo, oremos

- Verte sobre os que reciben os sacramentos o teu Espírito de fortaleza, oremos
- Verte sobre todos os que te buscan o teu Espírito de sabedoría, oremos
- Verte sobre a nosa comunidade o teu Espírito de amor, oremos

***Celebrante** Envíanos, Pai Santo, o teu Espírito e énchenos coa abundancia dos seus dons. Por Xesucristo o noso Señor. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS EN FAMILIA

NOSO PAI

***Celebrante:** Con Xesús queremos rezar a oración que El mesmo nos ensinou. Con ela pedimos ESPÍRITO para nós e para todos os que formamos a Unidade Pastoral de Os Cotos. Teñamos presente aos veciños e veciñas que comparten outras veces á nosa beira:*

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

***Celebrante:** PAZ CONVOSCO foron as primeiras palabras do Resucitado. Acollamos de novo esas palabras neste día de Pentecoste. E dicimos en alto a quen lle queremos ofrecer o agasallo da nosa paz.*

NON COMULGAMOS PERO ESTAMOS EN COMUNIÓN

***Celebrante:** Pola man dos apóstolos a primeira comunidade de discípulos botaba a andar dando testemuño da Resurrección. Reunidos nas casas, escoitaban a palabra de Xesús transmitida polos homes e mulleres que a viviran de primeira man. Que compartamos en ESPÍRITO a nosa fe sendo responsables e moi coidadosos á hora de facer comunidade.*

Ditosos nós que en familia o podemos facer.

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, ti concediches a túa Igrexa os dons eternos. Conserva en nós a graza que nos deches, para que o Espírito Santo sexa sempre a nosa forza, por Cristo noso Señor. Amén

Hoxe remata a Pascua, e os que temos descuberto a Cristo Resucitado, temos que ser luz para os demais. Que non se apague a luz da fe que levamos dentro aínda que agora apaguemos esta vela que nos acompaña.

Apágase a nosa veliña pascual

 **A Cristo cantamos**

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.*

UNIDADE PASTORAL D'OS COTOS

A
L
E
L
U
I
A



R
E
S
U
C
I
T
O
U

FELICES FESTAS DA PASCUA

Aínda que estamos preto da fase 2 da desescalada, seguimos tendo a necesidade de ser prudentes.

Distancia de seguridade, mascariña, prudencia, ... son ferramentas nas nosas mans. Non facelo ben será un erro imperdoable e con unhas consecuencias tremendas para todos.

¡¡Por favor!!, co esforzo que deu chegar a onde estamos, non botemos todo por terra agora e sexamos, se cabe, máis responsables aínda.

“Quédate na casa”

Este fin de semana, volvendo a esa nova normalidade da que tanto se fala, nós estamos empezando a ter misa nas parroquias. Permanece atento aos horarios, a pandemia continúa.

**HORARIOS PROVISIONAIS
PARA O MES DE XUÑO
NA UNIDADE PASTORAL DE OS COTOS**

SAN XOSÉ DE A LAXE

* Todos os sábados ás 6 da tarde

SAN MARTIÑO DE VERDUCIDO

* Todos os sábados ás 7 da tarde

* O sábado 13 será na capela de San Antonio

SANTA MARÍA DE ESTACAS

* Todos os domingos ás 10'30 da mañá

SAN MIGUEL DE VENTÍN

* Todos os domingos ás 11'30 da mañá

* O domingo 7 honramos á Virxe da Saúde

SAN LORENZO DE FORNELOS

* Todos os domingos ás 12'30 da mañá

SAN VICENTE DE OITAVÉN

* Todos os sábados ás 7 da tarde

SANTA MARÍA DAS NEVES DE TRASPIELAS

* Todos os domingos ás 10'30 da mañá

SAN ADRIÁN DE CALVOS

* Todos os domingos ás 11'30 da mañá

* O domingo 7 honramos a Santísima Trindade

* O domingo 14 Corpus honramos a San Adrián

SAN PAIO DE MOSCOSO

* Todos os domingos ás 12'30 da mañá

* O xoves 25 ás 8 da tarde único día de novena na honra da Virxe dos Remedios e do Carmen

* O domingo 28 honramos a San Paio

O DIVINO SALVADOR DE XUNQUEIRAS

* Todos os sábados ás 6 da tarde

A partires de agora xa se poderán ter os funerais pendentos. Será necesario que a familia se poña en contacto cos párrocos para ver posibles días e horas, sabendo que en todo tempo e lugar haberá que respectar as normativas sanitarias oportunas.

Aínda non teremos misa durante a semana, polo que as intencións polos nosos defuntos quedarán para máis adiante.

Pouco a pouco, coa desescalada estamos volvendo á vida de cada día, como os discípulos, enviados para testemuñar o evanxeo coa nosa palabra e o noso bo facer. En nome de Xesús Resucitado podemos sentir en paz.